



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2019/35	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de outubro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 12:05 ata as 12:30 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3446**	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ: «Xustifica baixa por enfermidade.»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 16 de setembro de 2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 16 de setembro de 2019.

**Expediente 5708/2019. Solicitud de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R.I.L., na que demanda a colocación de sinal de pasaxe permanente para a súa propiedade sita en Longán, nº X-Coiro.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 03.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

*"...por parte desta policía non existe inconveniente en acceder ao solicitado".*

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por R.I.L., para sinalización de pasaxe permanente.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

**Expediente 5546/2019. Solicitud de renovación de sinalización vertical**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por C.V.E., na que demanda a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 975 que ten instalado na Avda. de Ourense, nº X-Coiro.

Visto, así mesmo, o informe favorable emitido ao respecto en data 26.09.2019 pola policía local.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por C.V.E., para renovación de sinal de





pasaxe permanente.

**Expediente 4866/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4866/2019 (EXPEDIENTTE Nº 21.888.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.127).- Conceder a "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO SL", prórroga da licenza nº 21.127 por un período de TRINTE E SEIS MESES, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 2 de outubro de 2019 obrante no expediente.

**Expediente 4725/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4725/2019.- Conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO REAL X, con enderezo en rúa Real, nº X-Cangas, licenza de obras para a instalación de un ascensor en edificio existente (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polos arquitectos V. V. F. e F. F. G., de data de visado de 7 de agosto de 2019. O presuposto de execución material de obras ascende a trinta e catro mil vintenove euros con oitenta e seis céntimos (34.029,86 €).

**Expediente 4691/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4691/2019 (EXPEDIENTE Nº 24.509.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.492).- Conceder a T. R. P., a prórroga da licenza solicitada nº 23.492 por un período de TRINTE E SEIS MESES de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25 de setembro de 2019.

**Expediente 4651/2019. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4651/2019.- Autorizar a "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico: X, ocupación de dominio público e conceder licenza





de obras para, en parcela sita en rúa Paraíso, nº X-Cangas (referencia catastral nº X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 33,00 metros de lonxitude (expediente nº UD248318060009), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial R. P. F. de data 26 de novembro de 2018, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de catrocentos setenta e sete euros con quince céntimos (477,15 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advérteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### Expediente 2894/2019. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2894/2019.- Conceder a F. G. M., con enderezo a efectos de notificacións en X titular do DNI nº \*\*\*\*1356\*\* agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU e conservación do aproveitamento, reformar e ampliar unha vivenda unifamiliar en rúa Paraíso, nº X (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polos arquitectos A. L., M. F.e R.A. de data abril de 2019 (UN+UN CB). Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de





Concello de Cangas

febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar, perante o Catastro Inmobiliario, a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende corenta mil novecentos cincuenta e seis euros con dezaioito céntimos (40.956,18 €).

Acéptase a cesión para ampliación de viero formalizada en acta de comparecencia de data 17.07.2019, por unha superficie de 1,27 m2., e a fianza deposita en Banco Santander o 02.10.2019, para responder das obras de urbanización por importe de trescentos euros (300,00 €).

### **Expediente 2283/2018. Licenza municipal de primeira ocupación**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 2283/2018.- EXPEDIENTE Nº 21.149.- LICENZA Nº 20.707.-

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a R. C. M. S. e M. I. P. F., con enderezo en Erbello-rúa do Medio da Aldea, nº X-Aldán, para unha vivenda unifamiliar, sita no referido lugar (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 20.707 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 26 de setembro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 3 de outubro de 2019.

Así mesmo, apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **Expediente 3109/2019. Licenza municipal de primeira ocupación**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

EXPEDIENTE Nº 3109/2019.- EXPEDIENTE Nº 14.892.- LICENZA Nº 15.251.-

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M. T. C. G., con enderezo no Xistro, nº X-Coiro, de unha vivenda unifamiliar sita en Travesía Concepción Arenal, nº X-Coiro (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 15.251, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 24 de maio de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 27 de setembro de 2019, logo da recepción do informe da UTE o 27.09.2019.

### **Expediente 4395/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo sanidade referente a relación complementaria das axudas do servizo de comedor escolar curs 2019-2020**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 7NKJQA9T59KQGFJW34TZMCRKD | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14



**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 03.10.2019 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente á aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar curso 2019/2020.

*"PROPOSTA COMPLEMENTARIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2019/2020.*

*M<sup>a</sup> Victoria Portas Mariño, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Feminismo e Sanidade.*

**EXPÓN**


*Que detectadas solicitudes de Axuda Municipal de Comedor Escolar, presentadas en prazo e, que non foron valoradas,*

*PROPÓN: á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha relación complementaria das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hio, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2019-2020*

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE DNI	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORT E AXUDA PROPOSTA	RESOLUCIÓN	MOTIVO
11.166	B.M.M ***4729**	R. B., M. Nado 16/05/2010 R. B., T. Nado 27/03/2013 R. B., M. Nado 10/10/2016	O HIO FIXA	0 %	0,00 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
11.169	G.P.D. ***3989**	G. G. D. Nada 22/07/09 G. G., U.	ESPIÑEIRA FIXA	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
11.224	B.C.L ***3555**	P. B., M. X. Nado 11/09/08	NAZARET FIXA	100%	580,80 €	CONCEDIDA	
11.514	S.S.A. ***8876**	B. S., L. Nada 08/02/09	A RÚA M-X	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
11.520	R.M.M.B ***1343**	P. R., A. Nada 02/10/14	O HIO M-X	0 %	0,00 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





11.489	C. G., G. ***7024**	O. C., J. Nado 19/07/08	O HIO FIXA	85%	869,55 €	CONCEDIDA	
		O. C., L. Nado 13/04/12					

Número de solicitudes presentadas: 6 (10 menores).

Número de solicitudes con proposta de concesión: 2 solicitudes (3 menores).

Contía das axudas de Comedor con proposta de concesión: mil catrocentos cincuenta euros con trinta e cinco céntimos (1.450,35 €), correspondendo a:

· Meses de setembro a Novembro de 2019: trescentos noventa euros con seis céntimos (390,06€).

· Meses de Decembro 2019 a Xuño de 2020: mil sesenta euros con vintenove céntimos (1.060,29€)".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita.

#### Expediente 4511/2019. Concesión do servizo de xantar na casa

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a A.L.G., con DNI nº \*\*\*0767\*\* e con expediente nº 36008/01/000296, o programa xantar na casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello, prezo do menú de un euro con sesenta e sete céntimos (1,67 €) ao día.

Data prevista de alta no programa xantar na casa: outubro de 2019.

#### Expediente 3284/2018. Proposta da concellería de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural sobre solicitude de devolución da fianza e do canon do posto nº 41 do mercado municipal de abastos

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 26.09.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural para solicitude de devolución da fianza e do canon do posto nº 41 do mercado municipal de abastos, que é como segue:

"Por escrito con rexistro de entrada nº 8116 do 10.07.2018, C. C. M., con DNI nº \*\*\*7632\*\*, solicitou a baixa do posto de peixe nº 41 do mercado municipal de abastos do que era titular, a devolución da fianza e a parte proporcional da cantidade aboada pola adjudicación da concesión do posto, por non ter transcorrido o prazo





*previsto total da concesión disto.*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello de data 06.08.2018, dispúxose tomar coñecemento da renuncia á concesión sobre o posto de peixe no mercado municipal de Cangas formulada por C.C.M., declarar extinguida a concesión demanial e dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Tesourería e Intervención, co fin de valorar se procede a devolución da parte proporcional do canon satisfeito ao concello, atendendo ao tempo transcorrido da concesión.*

*O 27.09.2018, se solicita informe referente ao procedemento de cancelación de garantías, recollida no acordo da Xunta de Goberno Local de 06.08.2018 aos conserxes da praza.*

*Procédese á emisión do informe dos conserxes da praza o día 02.10.2018 con de rexistro de entrada nº E-RC-11921, no que se fai constar o bo estado do posto nº 41 do mercado, poñendo como única deficiencia a goma que serve de aillante á porta da neveira.*

*Con número de rexistro de entrada E-RC-7030 o día 30.05.2019 presentase instancia por R. H. A. (anterior titular do posto e persoa que depositou a garantía e mailo canon) na que se solicita a revisión do expediente relativo a baixa do posto respecto á devolución do canon e garantía.*

*Con data de 04.06.2019 novamente se emite informe dos conserxes do mercado a pedimento da concelleira responsable do mercado, no que trala revisión do posto reiteran a apreciación do bo estado xeral do posto e respecto á deficiencia da porta, sinalan que 'procede a devolución da fianza, xa que a deficiencia observada non ten entidade suficiente para denegar o solicitado'.*

*Igualmente con data 06.06.2019 emétese informe de tesourería que a seguir se reflicte:*

*“Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de R. H. A. por importe de 270,00 euros co seguinte texto: ' R. H. A., AVAL POSTO MERCADO 42'.*

*Indicar que tal e como se deduce dos expedientes postos á miña disposición, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.12.2012 acordou o traslado do posto nº 42 ao posto nº 63 e posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.09.2013, acordou remunerar ao posto 63 que pasa a ser o posto 41.*

*A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederáse á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente.”*

*Así respecto da devolución da parte proporcional do canon cómpre tomar en consideración o disposto no artigo 44 do Regulamento do mercado municipal de abastos de Cangas (BOP nº156 do 16.08.2005) relativo a 'Resolución anticipada por renuncia xustificada do titular', onde se establece que neste caso os titulares dos postos 'terán dereito á retirada de cantos elementos do negocio admitan a súa separación sen dano ou menoscabo das instalacións e unha indemnización equivalente ao prezo de adquisición ou canon satisfeito ao concello, debidamente actualizado e prorrateado en atención ao tempo transcorrido da concesión. Tal*







*indemnización satisfacerase polo concello con cargo ao canon obtido no novo procedemento licitatorio ao que se someterá o posto en cuestión'.*

*Da documentación existente no Concello consta que o citado posto foi obxecto de nova licitación (anuncio publicado no BOP nº 16 de 23.01.2019), se ben a relativa a este posto en particular quedou deserta e polo tanto non se dan as condicións previstas no artigo reproducido para a devolución da parte do canon solicitada.*

*En canto á devolución da garantía, vistos os informes que figuran incorporados ao expediente, en particular o emitido polos conserxes do mercado de 04.06.2019 e o de tesourería de data 06.06.2019, procede a súa devolución á depositante.*

*En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

*Primeiro.- Desestimar a solicitude presentada por C.C.M. e reiterada por R. H. A., con respecto á devolución do canon satisfeito ao concello por mor da baixa do posto de peixe nº 41 do Mercado Municipal de Abastos en virtude da motivación anteriormente exposta.*

*Segundo.- Estimar a solicitude e devolver á depositante R. H. A. a garantía do importe da garantía depositada pola ocupación do posto á que se fai referencia no informe de tesourería de 06.06.2019.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería e concellería responsable da área, co fin de deixar constancia no expediente do posto e a súa comunicación ao conserxe da praza".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural, para solicitude de devolución da fianza e do canon do posto nº 41 do mercado municipal de abastos.





**Expediente 5844/2018. Proposta da concellería de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural para a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 113**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 26.09.2019 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente á solicitude de devolución da fianza e do canon do posto nº 41 do mercado municipal de abastos, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO, MAR E RURAL, RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 113*

**ANTECEDENTES**

*Por escrito de data de rexistro de entrada 09.09.2019, B. G. A. C. S., con NIE nº \*\*\*\*4780\* e enderezo en rúa do Pino, nº X-Vigo, Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de J. L. S., con DNI nº \*\*\*6303\*\*, domiciliado en rúa Cando, nº X-O Porriño, Pontevedra, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*A solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

*II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013), nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente J. L. S., con DNI nº \*\*\*6303\*\*,*

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:*

**ACORDO**





*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 113 do mercado dos martes e venres (10,00 m. textil), do que era titular B. G. A. C. S., a favor de J.L.S, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á concellería de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural, e aos departamentos de estatística e tesourería".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

**Expediente 5739/2019. Proposta da xefa de urbanismo para aprobación de modelo de solicitude de acometidas de auga e rede de sumidoiros (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: *de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.*

Vista a proposta de data 07.10.2019 da xefa de urbanismo, para a aprobación do modelo de solicitude para acometidas de auga e da rede de sumidoiros, que é como segue:

<i>"SOLICITUDE:</i>			
<b>CONCESIÓN DE ACOMETIDAS DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS</b>			
<i>NOME, APELIDOS E RAZÓN SOCIAL</i>		<i>NIF/NIE</i>	
<i>DOMICILIO</i>		<i>CONCELLO</i>	
<i>PROVINCIA</i>	<i>CÓDIGO POSTAL</i>	<i>Nº TELÉFONO</i>	<i>CORREO ELECTRÓNICO</i>

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (En caso de actuar por medio de**





Concello de Cangas

representante)

<i>NOME, APELIDOS E RAZÓN SOCIAL</i>	<i>NIF/NIE</i>
<i>Nº TELÉFONO</i>	<i>CORREO ELECTRÓNICO</i>

## SOLICITA

- *Acometida á rede de auga*
- *Acometida á rede de saneamento*

*Marque cun X o tipo de uso de auga, según a licenza de obra:*

- *Obra*
- *Outros, indíqueos*

*Dirección para a que solicita a acometida:*

*Cangas, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_*

*SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE*

## DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR:

*Con todas as solicitudes:*

- *Fotocopia do NIF/CIF da persoa propietaria do inmoble.*
- *Fotocopia da escritura da propiedade ou documento que o xustifique.*

*De tratarse dunha edificación nova:*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 7NKJQA9TS9KQGF-JW34TZMCRKD | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



- *Fotocopia da licenza de obra.*

*De tratarse dunha edificación existente:*

- *Licenza de primeira ocupación.*
- *En caso de non ter licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade, ou documentación que as substitúa, será necesario presentar:*

*- Solicitud normalizada de subministración da auga en vivenda antiga por carecer de licenza de obra, de primeira ocupación ou de cédula de habitabilidade.*

*A) Se non ten licenza de obra, é necesario presentar:*

- A *CERTIFICACIÓN TÉCNICA* na que conste a antigüidade do inmoble na que se describa esta de xeito expreso, xustificada e pormenorizada e se acredite os anos que leva finalizada no seu estado actual e, como mínimo, desde hai mais de seis anos; a escritura actualizada de obra nova da vivenda, xunto co plano de situación no planeamento urbanístico en vigor.

*B) Se ten licenza de obra, é necesario presentar:*

- *1) Copia do título da licenza e certificado final da obra.*
- *2) CERTIFICACIÓN TÉCNICA* na que conste a antigüidade do inmoble e na que se describa esta de xeito expresa, xustificada e pormenorizada e se acredite os anos que leva rematada no seu estado actual e, como mínimo, desde hai mais de seis anos, salvo no suposto imprescritibilidade da infracción, ou escritura actualizada de obra nova da vivenda, xunto co plano de situación no planeamento urbanístico en vigor.

*Nota.- A certificación técnica debe ser emitida por arquitecto/arquiteca, aparellador/aparelladora, enxeñeiro/enxeñeira civil ou calquera outro profesional lexitimado e debe facer referencia, se fose o caso, a todas e cada una das edificacións que conforman o predio onde se localiza o inmoble sobre o que se emite dicha certificación técnica (alpendres, garaxes, piscinas).*

*De tratarse dunha solicitude para un único local dunha edificación colectiva:*

- *Escritura de división horizontal do edificio".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o modelo transcrito anteriormente.





Concello de Cangas

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 7NKJQA9TS9KQGFJW34TZMCRKD | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14